



Boletín Informativo

LINGUA ESTRANXEIRA NA EDUCACIÓN INFANTIL: A PORTA AO PLURILINGÜÍSMO

Xornadas dirixidas ao profesorado de educación infantil e primaria que imparte lingua estranxeira en educación infantil. Terán lugar en Santiago de Compostela o día 1 de decem-

bro, de 10.00 a 20.00 h. A inscrición na actividade pode facerse a través de www.edu.xunta.es/fprof. A data límite é o 21 de novembro. Pódese consultar

o programa na páxina web de linguas estranxeiras.

www.edu.xunta.es/linguas_estranxeiras

CONVOCATORIAS DE CONCURSO

Convocatorias de concursos.

No [DOG nº 220](#) do mércores 14 de novembro sae publicada a Orde do 5 de novembro pola que se convoca concurso de traslados específico para cubrir pra-

zas de xefatura do departamento de orientación.

No [DOG nº 221](#) do xoves 15 de novembro sae publicada a Orde do 10 de novembro pola que se convoca procedemento de acceso aos corpo de catedrati-

cos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas.

III PREMIO DA FUNDACIÓN IMPULS Á MELLOR EXPERIENCIA DE INTEGRACIÓN DAS TIC NA AULA

Dirixido aos profesionais do ensino en activo, individualmente ou formando equipo, pertencentes a calquera escola (pública, privada ou concertada) situada dentro do territorio nacional. O traballo deberá consistir na

descrición dunha experiencia educativa que utiliza as novas tecnoloxías como instrumento innovador de ensino e aprendizaxe.

[Máis información](#)



MENOS ES MÁIS. CINE PARA SER LA VOZ DE QUIENES CALLAN

Proxecto educativo *Menos es más. Cine para ser la voz de quienes callan*. Pretende contribuir ao cumprimento dos obxectivos do Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero no Ámbito Edu-

cativo. As proxeccións das películas terán lugar nos cines comerciais. Na páxina web pódese consultar: material didáctico, elaboración de guións cinematográficos a realizar polo alumnado para o concurso de curtas,

guións que poderán ser premiados e levados á pantalla, etc.

[Máis información](#)

Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: boletin@edu.xunta.es

Contido:

Lingua estranxeira na educación infantil: a porta ao plurilingüísmo **1**




Convocatorias de concurso. **1**

III Premio da Fundación Impuls á mellor experiencia de integración das TIC na aula **1**

Menos es más. Cine para ser la voz de quienes callan **1**

Día On-Line **2**

Programa ConCiencia. Conferencia de John Forbes Nash **2**



DÍA ON-LINE

O 30 de novembro de 2007 os europeos terán a oportunidade de participar nunha “cibercita” coa Comisión Europea mediante o Online Day. O principal evento será o relanzamento da páxina web de Debate Europeo, un foro interactivo que proporciona unha plataforma na que discutir os asuntos europeos, e oír as ideas e

intereses dos participantes. Intentará reflectir a filosofía do Plan D da Comisión: Democracia, Diálogo e Debate. Tratará os temas de maior actualidade: enerxía, cambio climático, diálogo intercultural e o futuro de Europa, intentando que os comisarios, portavoces e funcionarios da Comisión participen e ofrezan unha

resposta pública inmediata, estimulando o debate e aumentando o seu nivel de calidade. O Día On-line é un proxecto piloto e, se ten éxito, organizarase outra vez o ano próximo a maior escala.

[Máis información](#)

PROGRAMA ConCiencia. CONFERENCIA DE JOHN FORBES NASH

Dentro do programa ConCiencia promovido pola USC e o Consorcio de Santiago, celebrarase no Centro Sociocultural Fundación Caixa Galicia, na rúa Carreira do Conde, ás 20:00 horas do mércores 21 de novembro, a conferencia

do Premio Nobel de Economía 1994, John Forbes Nash, *Diñeiro ideal e diñeiro asintoticamente ideal* (con tradución simultánea).

[Máis información](#)

